

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (**ESQUERDA UNIDA-ANOVA**), a iniciativa da súa deputada e viceportavoz suplente **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relacionada coa profesión de técnicos e técnicas en Dietética e Nutrición.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A correcta alimentación forma parte dos cuidados da saúde para calquer persoa sana ou enferma. Nas persoas doentes toma especial relevancia, sendo clave para unha pronta recuperación ou para limitar o progreso da súa patoloxía.

Na nosa Comunidade Autónoma sete centros imparten e expiden a titulación de Técnica/o en Dietética e Nutrición. Esta categoría profesional é responsable da supervisión dos menús en colexios, hospitais, centros maiores e dependentes... Sendo de especial importancia nas cociñas hospitalarias ao poder exercer o control sobre as modificacións que sobre as dietas das persoas enfermas van xurdindo cada día.

Sen embargo a súa presenza nos centros sanitarios públicos carece de planificación. A día de hoxe, algúns dos nosos hospitais contan con estas profesionais contratadas con vínculos inestables, outros centros non contan con elas e eles e a pesares de estarmos formando decenas de novas persoas tituladas cada ano e que algunhas xa traballan no SERGAS dende fai moito tempo, a súa categoría segue sen crearse imposibilitando darlles estabilidade.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Crear a categoría estatutaria de Técnico/a en Dietética e Nutrición.**
- 2.- Elaborar unha planificación da necesidade de prazas nos diferentes centros do SERGAS para poder ofertar progresivamente ditas prazas en concurso público.**

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2016.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada e Viceportavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 06/05/2016 11:00:55